



O N C E L L O

DE

VILAMARÍN

(OURENSE)

Avda. Santiago Apóstol, nº 5  
32101 VILAMARÍN (Ourense)  
Teléf.: 988 28 60 00  
Fax: 988 28 61 13

**DONA MARIA CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ-NOVOA VALLADARES,**  
**Secretaria do Concello de Vilamarín.-**

**CERTIFICO:** Que o Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o día vinte e tres de novembro de dous mil quince, entre outros, adoptou o acordo que literalmente copiado, di:

**3.- ADHESIÓN, SE PROCEDE, AO CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA.**

Visto o escrito da Deputación Provincial de Ourense, data 28 de setembro de 2015 en relación co "**Convenio Marco de Cooperación da Deputación de Ourense coas Entidades Locais da Provincia en materia de Transparencia e Acceso á Información Pública**".

Dada lectura ao "**Convenio Marco de Cooperación da Deputación de Ourense coas Entidades Locais da Provincia en materia de Transparencia e Acceso á Información Pública**".

Dada lectura os artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Dada lectura á proposta da Alcaldía.

O concello Pleno, despois dun cambio de impresións, por 9 votos a favor do Grupo Popular e 1 voto en contra do Grupo Socialista PSdG-PSOE, Acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a adhesión deste concello ao Convenio Marco de Cooperación da Deputación de Ourense coas Entidades Locais da Provincia en materia de Transparencia e Acceso á Información Pública" en todo o seu contido.

**SEGUNDO.-** Transferirle a Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no portal da Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previstos no dito convenio.

**TERCEIRO-** Designar como persoa responsable da execución do Convenio ao funcionario Don Antonio Pardo Mazaira,

Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao Sr. Alcalde, don Amador Vázquez Vázquez, para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta ao Pleno.

**CUARTO.-** Remitir certificación deste Acordo á Deputación Provincial de Ourense

E para que conste, expido a presente da orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, Don Amador Vázquez Vázquez, en Vilamarín a vinte e catro de novembro de dous mil quince

Vº e Pr.  
O ALCALDE,

Asdo: Amador Vázquez Vázquez

